

MEMORIA DO PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO



CEIP
PLURILINGÜE
A
PEDRA
CURSO
2015
2016



A. INTRODUCCIÓN:

XUSTIFICACIÓN	3
CALENDARIO E PARTICIPACIÓN	3
ORGANIZACIÓN	3
REFERENCIA AOS CONTIDOS E ÁS COMPETENCIAS	3
B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS	6
C. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN	
DA PROPOSTA	6
D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO	
E ALUMNADO	6
E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES	6
F. RECURSOS UTILIZADOS FONTES CONSULTADAS	14
G. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA	15
H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS	15
I. AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
E AS COMPETENCIAS BÁSICAS	15
J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA	
ESCOLAR	16



A- INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A astronomía é unha ciencia natural. Os nenos relaciónanse cos fenómenos celestes coa mesma curiosidade e o mesmo interese que mostran cara aos fenómenos terrestres. O día e a noite, a presenza e/ou a forma que toma a lúa, por exemplo, son algúns aspectos que chaman a súa atención.

Desde pequenos construímos certa representación do ceo e dos obxectos que vemos nel, a que logo a escola ocupárase de moldear cara ao modelo culturalmente aceptado.

No Nivel Inicial pode introducirse unha serie de nocións elementais desa ciencia que contribúan, por unha banda a ese fin e, polo outro lado, a valorizar as representacións astronómicas infantís, como un modo de afianzar a súa percepción xeral da natureza.

A escola sistematizou o coñecemento que os científicos elaboraron respecto dos fenómenos naturais, e é impensable que se ensine deixando fóra o cosmos. Por iso é importante acompañar a formación con información concreta sobre o universo.

CALENDARIO E PARTICIPACIÓN

A temporalización deste proxecto foi para todo o curso académico e nel participou e implicouse todo o alumnado e profesorado do centro.

ORGANIZACIÓN

Ao finalizar cada curso escolar, unha vez consensuadas as distintas propostas do profesorado e tendo en conta as necesidades e intereses do noso alumnado, preséntase dende o Equipo da Biblioteca a temática que se vai traballar o curso seguinte. Desta maneira en setembro prográmanse as liñas xerais do proxecto en coordinación cos demais equipos do centro (Dinamización, TICs, Orientación, Plurilingüismo). O equipo docente (as titorías e os especialistas) van traballando e facendo as súas achegas ao proxecto incluíndo nos seus contidos curriculares.

REFERENCIA AOS CONTIDOS E AS COMPETENCIAS BÁSICAS

No novo currículo de primaria faise fincapé na visión interdisciplinaria na que o docente diseña tarefas ou situacións de aprendizaxe que favorezan a aplicación dos coñecementos que se van adquirindo. Por este motivo incluímos elementos curriculares de distintas áreas no noso proxecto sobre o ESPAZO, o que lle da un carácter interdisciplinario ás actividades que levamos a cabo.

O noso principal obxectivo foi achegar o marabilloso mundo do Cosmos aos rapaces e rapazas coa fin de que comprendesen o papel e o lugar que ocupamos nós dentro de ese Universo e despertar a curiosidade polo que nos rodea. Os obxectivos que perseguimos foron os seguintes :



- Espertar o interese e estimular a curiosidade das nenas e nenos.
- Iniciar ao neno no coñecemento do sistema solar como punto de partida para acceder a unha representación global do mundo.
- Fomentar a curiosidade e o desexo de profundar nos coñecementos referentes aos fenómenos astronómicos.
- Favorecer a observación.
- Axudar a que os nenos fagan explícitas as súas propias ideas e teñan acceso ás dos seus compañeiros.
- Ofrecerlles oportunidade para que investiguen, pensen explicacións e/ou solucións a situacións dadas.
- Observar os cambios que se producen na Terra como consecuencia do seu movemento (día/noite, estacións,...).
- Coñecer algunhas profesións relacionados co Universo (astrónomo, astronauta,...).
- Coñecer aparellos e transportes relacionados co estudo do Sistema solar (telescopio, nave espacial,...).
- Fomentar a capacidade investigadora, de análise e síntese da información.
- Desenvolver as capacidades de comunicación nos nenos, a diferentes niveis (oral, escrito, plástico, musical, corporal,...).
- Potenciar o traballo cooperativo.

Coa posta en marcha e o desenvolvemento das actividades nas distintas áreas curriculares (lingua castelá, lingua galega, matemáticas, educación plástica, ciencias naturais, educación física,...) traballamos todas as competencias básicas:

<u>COMPETENCIAS BÁSICAS</u>	<u>CONTIDOS</u>
Comunicación Lingüística (CCL)	<ul style="list-style-type: none"> ○ Traballamos a <u>expresión escrita</u> a través de poemas, narracións , receitas, textos argumentativos e expositivos sobre temas relacionados co Universo. ○ Tratamos de mellorar a <u>expresión e comprensión oral</u> con debates, coloquios, charlas, presentacións de traballos, memorización de textos para presentar aos compañeiros, visitas guiadas a museos . ○ Practicamos a <u>lectura comprensiva</u> de textos en distintos soportes: libros, revistas, xornais,



	páxinas web... sempre relacionados co Espazo.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)	<ul style="list-style-type: none"> ○ Relacionamos o tema do espazo coas operacións e problemas matemáticos a través de fichas preparadas para tal fin (calcular o noso peso na Lúa e en diferentes planetas). ○ Traballamos e estudamos unidades de medida do Universo (Ano Luz...) para que se fixeran unha idea da súa inmensidade. ○ Fixemos comparacións de diferentes medidas que logo representamos en diagramas de barras... ○ Realizamos traballos sobre a relación do Universo coas matemáticas. Investigamos sobre a biografía de matemáticos e astrónomos.
Competencia dixital (CD)	<ul style="list-style-type: none"> ○ Empregamos os recursos tecnolóxicos e documentais que nos ofrece a biblioteca escolar: libros, enciclopedias, ordenadores, cámaras fotográficas e de vídeo, encerados dixitais... ○ Buscamos en internet e seleccionamos a información que despois plasmamos en distintos formatos. ○ Elaboramos PPTs sobre distintos temas relacionados co proxecto.
Aprender a aprender (CAA)	<ul style="list-style-type: none"> ○ Investigamos, planificamos e tomamos decisións en equipo para confeccionar traballos por niveis sobre temas relacionados co Universo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	<ul style="list-style-type: none"> ○ Desenvolvemos habilidades para comunicarnos en diferentes contextos: visitas a museos, exposicións,...; ademais recibimos visitas de contacontos e persoas relacionadas co tema do proxecto cos que tivemos que interactuar.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	<ul style="list-style-type: none"> ○ Aprendemos a tomar as decisións axeitadas buscando solucións conxuntas aos distintos problemas plantexados no proceso de traballo.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	<ul style="list-style-type: none"> ○ Realizamos moitos traballos artísticos e plásticos, desenvolvendo o gusto estético e o espírito crítico ante as distintas manifestacións artísticas.



B- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS. O punto de partida de todos os proxectos do centro, sempre é a biblioteca escolar, a través da mascota, un polbo chamado Papyrus. Alá polo mes de outubro, chega ás nosas mans unha carta súa, onde comunica e convida ao alumnado a súa festa de aniversario, que é o Día das Bibliotecas Escolares. Nesta festa presenta o tema de traballo, fai as primeiras propostas e anímanos. A partir de aquí vaíse construíndo pouco a pouco o proxecto, coas achegas de toda a Comunidade Educativa.

C- DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Como o tema do UNIVERSO é moi amplo e as idades e intereses do alumnado son moi dispares, decidimos abordar o tema dende dúas perspectivas :

- 1) Levamos a cabo un traballo de investigación sobre o Universo. Os contidos e temas a tratar foron moi diversos, en función dos intereses dos alumnos e alumnas. Así o punto de partida foi un remuíño de ideas para coñecer cales eran os seus intereses e inquedanzas (ver exemplo de táboa para a recollida de información deste remuíño de ideas, no anexo).
- 2) Relacionamos todas as celebracións que facemos ao longo do curso co tema do proxecto. Todo xirou en torno ao Espazo. Así na primeira reunión do equipo de biblioteca presentamos unha táboa-resumo coas posibles actividades a desenvolver ao longo do curso relacionadas coas celebracións que festexamos.

D.- DOCUMENTACION ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

Ao longo do curso elaboráronse dende a biblioteca materiais en distintos soportes para marcar as pautas de traballo a seguir: PPTs, bibliografía, enlaces a páxinas web, cartas de presentación de actividades ou eventos, guías de lectura, fichas de investigación, xogos para traballar a formación de usuarios, marcapáxinas co logo do proxecto, carteis...

Nas aulas tamén xurdiron PPTs, videos, fichas, cadernos de traballo...

E.- RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO

- **PRESENTACIÓN DO PROXECTO** : Como xa ven sendo habitual nos últimos anos foi a nosa mascota, Papyrus, a encargada de presentar o proxecto "Un universo de libros" o 24 de outubro (Día das Bibliotecas Escolares e do seu Aniversario). Enviounos unha carta para convidarnos a súa festa, pero cando chegamos ao Bibliocastelo, el non estaba.

<http://bibliocasteloapiedra.blogspot.com.es/2015/10/sorpresa.html>

Mandounos un vídeo, nada máis nin nada menos que dende o espazo, por iso



non podía estar con nós. Nel convidábanos a viaxar con el pero como non temos naves espaciais para todos, animounos a facelo a través dos seus amigos, os libros. Por iso nos deixou no seu Bibliocastelo unha morea de libros, ben colocadiños nuns andeis cun gran cartel para que poidéxemos explorar e investigar o fascinante mundo do UNIVERSO.

<http://bibliocasteloapetra.blogspot.com.es/search/label/D%C3%ADa%20das%20bibliotecas%20escolares>

- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO :

Levamos a cabo dúas liñas de traballo : por unha banda realizouse ao longo de todo o curso un traballo de investigación sobre o tema elixido e por outra banda relacionamos o proxecto coas diferentes celebracións que se levaron a cabo ao longo do curso.

Traballo de investigación.

Cada titoría investigou co seu grupo de alumnos sobre o UNIVERSO. O esquema de traballo en cada grupo foi diferente, xa que o punto de partida foron os intereses e necesidades dos nenos e nenas, sendo moi diversas segundo a idade. O punto de partida foi un remuíño de ideas, para comprobar que é o que sabían do tema e o que querían aprender. Esta información recolleuse nunha táboa facilitada aos titores polo equipo de biblioteca. Logo coa información obtida, cada titor organizou o traballo e os temas a tratar. Tamén se lles facilitaron os enlaces de varias páxinas web relacionadas co proxecto (ver anexo).

Educación infantil.

Dentro do proxecto anual da nosa biblioteca “Un universo de libros” o ciclo de educación infantil centrouse na investigación do sistema solar polo que decidiron representar na súa biblioteca este sistema por medio dun traballo colaborativo de todo o alumnado.

Cubriron con sacos de lixo de cor negro as paredes e o teito da biblioteca, repartiron entre as 6 aulas de educación infantil os elementos presentes no sistema solar: o sol, e os planetas. Cada aula fixo un traballo de investigación sobre os elementos que tiña asignados e representounos a escala nunha esfera de corcho branco. Cando o traballo estivo rematado, colgaron o sol e os planetas na biblioteca recreando entre todos o sistema solar.

Todo o traballo realizado polos nenos e nenas de educación infantil recóllese nun vídeo no que se explica con detalle todo o proceso. Aparece publicado no



seu blog, este é o enlace :

<http://trasnosapedra.blogspot.com.es/2016/03/o-proxecto-do-espazo.html>

<http://pelourosdebueu.blogspot.com.es/2015/12/as-estrelas-en-masso.html>

<http://pelourosdebueu.blogspot.com.es/2016/02/a-que-sabe-lua.html>

Primeiro e segundo de primaria.

Os de primeiro traballaron e investigaron a cerca do sistema solar, os de segundo tamén aínda que se centraron no estudo do Sol, a Lúa, o planeta Terra e o ceo, xa que traballaron ao longo de todo o curso coa colección *El sistema solar : La luna, El cielo, La tierra, El sol* de Nuria Roca y Carol Isern da editorial Edebé. O mes de febreiro dedicárono a estudar a Lúa.

<http://primeirociclonapedra.blogspot.com.es/2016/03/luadas.html>

Terceiro e cuarto de primaria.

O alumnado de terceiro despois do remuíño de ideas decidiron que investigarían sobre o Sistema solar. Fixérono en grupos de 5 alumnos/as. Levoulles dous trimestres. Despois plasmaron toda a información nun gran mural e fixeron exposicións orais aos compañeiros de nivel incluso aos doutros. As aulas de cuarto, tras ter estudiado o Sistema Solar o curso anterior (forma parte do currículo de ciencias sociais de terceiro) , e o ter coñecemento de que varios niveis xa o estaban facendo, decidiron dar outro enfoque ao proxecto e centráronse no papel que o home tivo, dende a prehistoria, no coñecemento e observación do Universo:

Por parellas e, utilizando as horas de biblioteca, informática e algunha sesión de ciencias sociais investigaron sobre:

- A astronomía e famosos astrónomos na historia.
- Big bang.
- O telescopio Hubble.
- A chegada do home a lúa.
- A carreira especial americana.
- A carreira especial rusa.

Outra parte do alumnado quixo orientar as súas pescudas no coñecemento da Vía Láctea e os Buratos Negros.

Houbo tamén dúas parellas que preferiron repasar e ampliar os coñecementos sobre o Planeta Terra e o Sol.



Os traballos foron plasmados nuns muráis para ser posteriormente expostos ao resto dos seus compañeiros e compañeiras. Algún fixeron ademáis un power point.

Quinto e sexto de primaria.

Os de quinto tamén se centraron no estudo do sistema solar e o esquema de traballo foi similar ao realizado polos de terceiro, pero relacionaron o estudo do espazo coas matemáticas. Analizaron datos, táboas comparativas referentes ao tamaño, distancias, velocidade...Estudaron macro unidades de lonxitude (anos luz...).

En cambio os de sexto centráronse no magnetismo, realizaron varias experiencias, sobre todo aprenderon a orientarse e descubriron que a Terra se comporta como un gran imán.

Todos os contidos traballados reforzáronse coa visita a Naturnova.

Exposicións anuais de libros do espazo.

Preparamos dúas exposicións con lecturas relacionadas co espazo, unha na biblioteca do cole de infantil e outra no Bibliocastelo (biblioteca de primaria) Para nutrir estas exposicións, aínda que xa contabamos con algúns libros sobre o universo , mercamos un bo número de exemplares novos. Atopámonos coa dificultade de que no mercado a maioría destes libros están en castelán.

Os libros destas exposicións non se podían levar a casa, estaban na biblioteca a disposición de toda a comunidade educativa para consultar ou ler no recreo ou nas horas de biblioteca. Tamén se prestaban ás aulas para a realización dos traballos de investigación.

Relación do proxecto coas celebracións

Na primeira reunión do equipo de biblioteca, elaboramos unha táboa coas actividades a desenvolver ao longo do curso nas diferentes celebracións (Samaín, Día da Paz...), relacionando estas datas co tema do proxecto. Estas actividades eran tan só unhas propostas que logo se discutían nas reunións do equipo e tamén cos titores e titoras.(Ver anexo).

- 📖 24 de outubro tivemos dobre celebración, o **DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES** e o **ANIVERSARIO DA MASCOTA** que supón o punto de partida oficial para o PDI e para todas as actividades da biblioteca. Foi unha xornada moi divertida e que sempre resulta moi motivadora.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/search/label/D%C3%ADA%20das%20bibliotecas%20escolares>

<http://trasnosapedra.blogspot.com.es/2015/10/o-aniversario-de-papirus.html>

- 📖 Polo **SAMAÍN** como todos os anos fixemos unha **EXPOSICIÓN DE**



CABAZAS. Co gallo do proxecto “Un universo de libros” a entrada do cole encheuse de cabazas espaciais. Había planetas, lúas, soles e ata algún que outro extraterrestre.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/search/label/Sama%C3%ADn>

Relacionamos tamén o Samaín co proxecto anual sobre o espazo e así en colaboración co Equipo de Dinamización Lingüística elaboramos un MURAL na entrada do cole onde cada clase traballou en equipo para presentar un conxuro relacionado con esta data.

<http://enredemosapedra.blogspot.com.es/search/label/Sama%C3%ADn>

- 📖 **NOVEMBRO, MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS.** Celebramos no noso Bibliocastelo o Mes da Ciencia en Galego. Levamos a cabo diversos experimentos e traballos de investigación relacionados co proxecto deste curso. Así os nenos e nenas de primeiro comprobaron os movementos de rotación e translación da Terra e da Lúa. Tamén investigaron sobre as fases da Lúa. Logo con todo o aprendido cubriron unha ficha. <http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/search/label/Ciencias>

Os de segundo e os de infantil tamén investigaron sobre este tema e fixeron uns divertidos e saborosos murais con galletas Oreo.

Os de sexto investigaron e experimentaron co magnetismo e comprobaron que a Terra se comporta como un gran imán.

- 📖 Polo **NADAL** organizamos co Equipo de Dinamización Lingüística un **CONCURSO DE LEMAS** no que podían participar todas as familias. Tratouse dun gran reto xa que tiña que reflectir a solidariedade coa xente que sofre o terrible problema da emigración e ademais tiña que facer referencia ao proxecto do curso. O lema elexido foi o seguinte :

“Por un Universo onde o sol quente a todos por igual”

O lema elexido formou parte dunha **POSTAL COLABORATIVA** que montamos na entrada do cole onde cada nivel co seu mestre foi decorando unha gran árbore de nadal con motivos navideños.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/search/label/Nadal>

- 📖 **OBRADOIROS DE NADAL** Como xa vén sendo habitual, o último día de cole do ano, celebramos os Obradoiros de Nadal. Houbo para todos os gustos : plástico, musical, decorativo, recreativo, plurilingüe e ata espacial. No Bibliocastelo levouse a cabo este último, relacionado co noso proxecto e foi sobre as constelacións, para o alumnado de 3º e 4º.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/search/label/Obradoiro>

En 1º e 2º tamén realizaron un obradoiro decorativo con temática espacial. Realizaron un enorme mural con moitísimos foguetes, en cada un deles ía a foto de cada alumno e alumna.



Outro obradoiro que se realizou sobre o espazo foi "Salvem os Planeta Terra".

- 📖 O venres 5 de febreiro, celebramos o **ENTROIDO**, despois de moitas semanas preparando os nosos traxes. Este ano tivemos un entroido espacial. O colexio encheuse de alieníxenas, lúas, estrelas, planetas do sistema solar e ata os personaxes de Star Wars viñeron visitarnos. As letras das cancións estaban relacionadas co proxecto, así houbo cancións dedicadas a Lúa e ata un rap espacial.

<http://bibliocasteloapetra.blogspot.com.es/search/label/Entroido>

<http://enredemosapetra.blogspot.com.es/search/label/Entroido>

<http://trasnosapetra.blogspot.com.es/2016/02/preparamos-o-noso-entroido-espacial.html>

<http://trasnosapetra.blogspot.com.es/2016/02/a-festa-do-entroido-espacial.html>

- 📖 Para conmemorar o **DÍA DE ROSALÍA** (24 de febreiro), realizamos unha actividade chamada "Rosalía Galáctica", relacionando deste xeito o proxecto que estamos desenvolvendo este curso (o espazo) coa figura da nosa ilustre escritora. A actividade consistiu en que cada curso elaborara de forma conxunta unha historia, un conto no que a protagonista fose Rosalía e ademais a trama tiña que desenvolverse en calquera lugar do universo (na lúa, en marte...). Cada clase fixo un, agás os de quinto que o fixeron por grupos.

Despois con todos os traballos confeccionamos un mural que titulamos :

"no bico un cantar
nas estrelas un contar"

<http://bibliocasteloapetra.blogspot.com.es/search/label/D%C3%ADada%20de%20Rosal%C3%Aa>
[Da](#)

- 📖 **8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.** Algúns cursos celebrámolo no Bibliocastelo lendo e traballando con lecturas que tratan o tema da igualdade no traballo e tamén biografías de mulleres ilustres. Realizamos un traballo de investigación sobre mulleres astronautas, na hora de biblioteca.
- 📖 **7-11 DE MARZO, SEMANA DA PRENSA.** Ao longo de todo o curso estivemos recollendo noticias sobre temas relacionados co espazo, que íamos colocando nun mural.

Na semana da prensa, traballamos a noticia como un tipo de texto e lemos, comentamos e analizamos algunhas das máis interesantes que tiñamos no mural.



☞ Seguindo a estela do noso proxecto O 21 de marzo para conmemorar o **DÍA DA POESÍA** o equipo de biblioteca plantexou varias propostas que lle entregaron aos titores e titoras para que decidesen a actividade que querían realizar (ver anexo).

☞ **27 DE MARZO, DÍA DO TEATRO**. Para conmemorar o Día do Teatro que foi o 27 de marzo, o equipo de mamás que colabora coa biblioteca, axudounos a compoñer as pezas dun escenario espacial : un fondo estrelado, tres astronautas de diferentes tamaños e unha enorme nave intergaláctica. Aproveitamos esta montaxe para organizar un photocall por cursos. Durante uns minutos convertémonos en astronautas e viaxamos polo **UNIVERSO**.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/2016/05/photocall.html>

http://pelourosdebueu.blogspot.com.es/2016/04/os-pelouros-no-fotocoll-do-bibliocastelo_27.html

<http://primeirociclonapedra.blogspot.com.es/search/label/PHOTOCALL>

☞ No mes de abril máis que celebrar o **DÍA DO LIBRO**, celabramos a **SEMANA DO LIBRO** para iso deseñamos varias actividades e programamos visitas e contacontos. Traballamos a dous grandes escritores : Cervantes e Jules Verne (un dos grandes da ciencia-fición).

- **OBRADOIRO "MARCAPÁXINAS ESPACIAL"**.

Na hora do recreo, todos os días da semana do Libro, realizouse no Bibliocastelo un obradoiro de marcapáxinas.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/search/label/D%C3%ADA%20do%20libro>

<http://trasnosapedra.blogspot.com.es/2016/04/no-cole-festexamos-o-dia-do-libro.html>

☞ Dentro do **ITINERARIO LECTOR** este ano propuxemos libros que estivesen relacionados co PDI anual e co autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Por tanto as **LECTURAS** en galego propostas para traballar nas aulas foron :

- Infantil: *Astropol un cometa con corazón* de José Luís Fernández Rodríguez e Laura González González. *Cosmo e a estrela perdida* de Marcos Nelía Muro.
- Primeiro de Primaria: *O bigote de Mimí* de Manuel María.
- Segundo de Primaria: *O bigote de Mimí* de Manuel María.
- Terceiro, cuarto e quinto de Primaria: *Os soños na gaiola* de Manuel María.
- Sexto de Primaria: *O principião* de Antoine de Saint-Exupery.

Os libros propostos en castelán foron os seguintes:

- Infantil: Os libros que propuxeron en galego, algún deles podía ser en castelán.



- Primeiro de Primaria: *Astropal un cometa con corazón* José Luís Fernández Rodríguez e Laura González González.
- Segundo de Primaria: *La colección El sistema solar : La luna, El cielo, La tierra, El sol* de Nuria Roca y Carol Isern.
- Terceiro e cuarto de Primaria: *Historias secretas del espacio* de Joan Manuel Gisbert.
- Quinto de Primaria: *Una aventura espacial* de Pedro Ruíz García.
- Sexto de Primaria: *Novelas ejemplares* de Miguel de Cervantes.

O alumnado de 5º e 6º estiveron lendo e traballando ao longo do curso o libro "The Solar system" da editorial Edebé, que está relacionado co PDI deste curso. O día 16 de xuño levouse a cabo unha actividade de animación á lectura e un obradoiro con actividades en inglés, relacionadas con este libro.

📖 **GUÍA DE LECTURA PARA O VERÁN.** O equipo de biblioteca elaborou unha guía de lectura con libros relaciondos co PDI anual, co UNIVERSO. <http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/2016/06/guia-de-lectura-para-o-veran.html>

VISITAS E CONTACONTOS NO BIBLIOCASTELO RELACIONADAS CO PDI

Tivemos varias visitas de contacontos relacionados co tema do PDI.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/2016/03/contacontos-astropal-un-cometa-con.html>

<http://trasnosapedra.blogspot.com.es/2016/04/animacion-lectura-de-hercules-ediciones.html>

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/search/label/Recreos%20de%20conto>

<http://segundocicloapedra.blogspot.com.es/2016/05/historias-secretas-del-espacio.html>

OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PDI

📖 Os de 6º, igual que o curso pasado, recibiron a visita do **CLUB DE ASTRONOMÍA DO IES** Johan Carballeira, que lles presentaron experimentos con diferentes magnitudes de onda coa luz e o son.

📖 **GALLETAS ESPACIAIS.**

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/2016/02/galletas-espaciais.html>

📖 **ALFOMBRA FLORAL CON PAPIRUS.**

O día de Corpus Christi os buenenses engalanamos as nosas rúas con fermosas alfombras florais. Por suposto non podía faltar a nosa mascota. Foi o motivo central dunha delas, situada na rúa Pazos Fontenla.

<http://bibliocasteloapedra.blogspot.com.es/2016/06/papirus-foi-de-festa.html>

📖 **COREOGRAFÍA.** Os de segundo fixeron unha coreografía sobre a canción dos planetas de Enrique e Ana, como colofón final de curso. Foi no Centro Social do Mar e convidaron ás familias.



<http://bibliocasteloapetra.blogspot.com.es/2016/06/funcion-de-fin-de-curso-de-2.html>

📖 FESTIVAL TEMÁTICO DE FIN DE CURSO.

Todos os anos, para despedir aos alumnos de sexto, facemos un festival relacionado co proxecto levado a cabo durante o curso. Este ano como o tema central é "UN UNIVERSO DE LIBROS".

<http://bibliocasteloapetra.blogspot.com.es/2016/06/festival-fin-de-curso.html>

• CONCLUSIÓN DO PROXECTO :

A maioría dos cursos elaboraron murais con toda a información recollida durante a fase de investigación. Estes están expostos no corredor do Bibliocastelo.

Outros elaboraron PowerPoints que logo expuseron a outras clases, producíndose así un intercambio de información moi interesante, por exemplo os alumnos e alumnas de 3º explicáronlles os seus traballos aos de 6º.

Planetario móbil

O broche de ouro, que serviu de peche ao proxecto, foi o planetario móbil que nos prestou a Fundación " la Caixa" e que tivemos no noso cole durante unha semana. Tamén convidamos a outros colexios e institutos do concello. O último día viñeron dúas clases de 1º ESO do IES Illa de Ons. E por suposto, ás familias. Para que poidesen vir os que traballan, fixemos un último pase un venres ás oito da tarde. Viñeron varios papás e mamás acompañados polos seus fillos máis cativos.

<http://bibliocasteloapetra.blogspot.com.es/2016/05/sorpresa-temos-un-planetario.html>

F.- RECURSOS E FONTES EMPREGADAS:

Ao longo deste proxecto empregamos moitos recursos, tanto no deseño das actividades como na elaboración das mesmas polo alumnado:

- 📖 Consultamos os libros e os ordenadores da biblioteca, das aulas abalar e da aula de informática do centro.
- 📖 Páxinas web relacionadas co tema. O equipo de biblioteca elaborou unha ficha con recomendacións de páxinas web para o desenvolvemento do proxecto (ver anexo) que lle entregou a cada titor para facilitarlles a tarefa na procura de recursos e información.
- 📖 Recursos materiais de todo tipo: papeis de cores, acuarelas, rotuladores, goma eva, cartón, rolos, tubos de cartón...
- 📖 Visitamos Naturnova.
- 📖 Visitamos o Museo Massó. Os de infantil levaron a cabo dous obradoiros relacionados co PDI : O Sistema Solar e As estrelas e a



navegación.

<http://pelourosdebueu.blogspot.com.es/2015/12/as-estrelas-en-masso.html>

- ☞ Recibimos varias visitas tamén relacionadas co proxecto (xa están explicadas no apartado de visitas e contacontos).

G.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

A implicación da Comunidade Educativa foi total:

- Os mestres/as deseñando, preparando e enriquecendo e pondo en práctica as distintas propostas do equipo de biblioteca.
- O alumnado levando a cabo todas as actividades que se lle ían propoñendo con moita ilusión e bo facer.
- As familias colaborando en moitas delas: no samaín, no nadal, no entroido, no día do libro...Este curso contamos ademais coa colaboración dun grupo de mamás colaboradoras da biblioteca, que se implicaron totalmente, tanto no deseño como na posta en práctica do proxecto.
- O persoal non docente do centro que tamén aportou iniciativas interesantes e colaborou en todo o que se lle solicitou.

H.- DIFUSIÓN DOS TRABALLO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA:

Para dar a coñecer este proxecto e difundilo dispuxemos:

- Exposicións de murais e traballos nos corredores do centro. O noso centro e a biblioteca de maneira especial permanece aberta de 16:00 a 18:00 horas de luns a venres.
- Actividades para as familias (planetario, observación astronómica nocturna...) relacionadas co PDI anual.
- Os blogues da biblioteca, os blogues de dinamización, os dos ciclos...

I.- AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO:

O Equipo de biblioteca avalía como positivo o resultado deste proxecto tendo en conta a participación entusiasta do alumnado e do profesorado na mesma. Ademais os rapaces e rapazas estiveron moi receptivos, implicados e motivados, ata tal punto que eles mesmos propuxeron dar continuidade a este proxecto no vindeiro curso. Dentro do cuestionario de avaliación da biblioteca que se realiza a finais de



curso, destacar a valoración positiva do proxecto por parte do alumnado e do profesorado. Os resultados da enquisa feita ao alumnado e aos mestres a finais de curso avalan esta valoración.

J.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO:

Dende o primeiro momento, a biblioteca é o motor, o corazón do proxecto, é o punto de partida. A mascota é a que presenta o proxecto a través dunha carta-vídeo e a partir de aí, o equipo da biblioteca vai marcando as pautas e coordinando todas as actuacións. Do equipo de biblioteca é de onde saen todas as propostas de actividades que se van facer ao longo do curso. Ademais actúa como:

- Centro de recursos ao servizo de toda a Comunidade Escolar, con acceso aos fondos, en papel ou dixitais, que se atopan nela.

Outras actuacións da biblioteca :

- Facilita e consegue o material bibliográfico necesario para o desenvolvemento do mesmo, recollendo e tendo en conta as suxestións dos mestres/as e do alumnado. Prepara fichas de investigación, xogos para a formación de usuarios, selecciona páxinas web interesantes relacionadas co proxecto. En resumo, facilítalle todo o posible o traballo aos titores e titoras.
- Deseña logos, actividades, presentacións... apoiando e asesorando ao equipo de mestre nas súas propostas.
- Colabora e coordina cos demais equipos do centro (Dinamización, Orientación, Plurilingüe, TICs), todas as iniciativas que se van levar a cabo.

Bueu, 20 xuño de 2016

M^a Lina García Porto

Coordinadora da Biblioteca Escolar